



O Ministerio de Traballo non admitiu o Convenio de Caixas por vulnerar a lexislación laboral básica

A Dirección Xeral do Ministerio obrigou de oficio a refacer o Convenio retrasando a súa aplicación.

Para a autoridade laboral artigos do Convenio vulneran dereitos laborais dos asalariados/as.

Non é a primeira vez que unha redacción chapuceira do convenio dá lugar a que se poñan en dúbida dereitos dos traballadores/as.

Hai quen critica á CIG por non asinar, pero o certo é que CCOO, UGT e CSICA non saben nin o que firman.

A Mesa Negociadora xa remitiu ao Ministerio un novo texto do convenio corrixido.

O pasado día 5 de febreiro, a Dirección Xeral do Ministerio dirixiuse ás organizacións asinantes do convenio comunicándolles que varios artigos do Convenio non eran legais, obrigando á Comisión Negociadora a reunirse para modificar o pactado.

CCOO, UGT e CSICA, sindicatos asinantes deste convenio, gardan un silencio vergoñento ante esta situación, polo que nos vemos na obriga de explicar os principais motivos da autoridade laboral.

Xornada e horarios: De xeito discriminatorio o convenio deixaba a xornada e horarios do persoal temporal a criterio das cláusulas individuais que acordaran coas empresas. Para o Ministerio a xornada deste persoal debe establecerse de acordo coa regulada no convenio.

Descanso semanal: O convenio plantexaba nalgúns casos a posibilidade de compensar economicamente o descanso semanal fixado por lei vulnerando o artigo 37.1 do Estatuto dos Traballadores.

Excedencia por maternidade/paternidade: O convenio recollía que cando a nai e o pai traballen só un deles pode pedir a excedencia. Segundo o escrito do Ministerio “*El Convenio Colectivo restringe el derecho de los trabajadores a la excedencia para atender el cuidado de un hijo tal y como lo tienen reconocido en el Estatuto de los Trabajadores*”. Por lei poden disfrutalo os dous, agás que traballen na mesma empresa.

Permiso de lactación: O convenio contempla a posibilidade de renuncia ao permiso de lactación a cambio dun permiso de dez días naturais a continuación da baixa e cinco días máis a posteriori. A finalidade do permiso de maternidade é permitir unha atención ao menor por parte dos pais durante os primeiros meses de vida, é un dereito esencial do recém nacido. Este cambio está prohibido no artigo 3.5 do Estatuto dos Traballadores e vulnera o número 37.4 e 6 da mesma norma legal básica.

Este feito é grave, xa que non é a primeira vez que unha redacción chapuceira do convenio colectivo dá lugar a que dereitos dos traballadores/as sexan posto sen dúbida (Plano de Pensións ou a antigüidade nas pagas extras).

CCOO, UGT e CSICA, non saben nin o que asinan.